



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA REGULADOR DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS ENTRE A UNIVERSIDADE CATÓLICA DE VALENCIA SAN VICENTE MÁRTIR E A XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Esta Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, adscrita á dita consellería, correspóndelle, entre outras funcións, a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, así como a protección e control da sanidade animal, e os procedementos relacionados coa seguridade alimentaria das producións primarias gandeiras.

En concreto, a mencionada dirección xeral ten atribuído o exercicio das competencias en materia de execución e seguimento dos programas de prevención, loita, control, vixilancia e erradicación das enfermidades animais, epizootias e zoonoses, e a xestión das alertas sanitarias dos animais; a identificación e rexistro dos animais, o rexistro das explotacións gandeiras e dos vehículos de transporte dos animais vivos, e o movemento pecuario; o desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, a organización e control dos programas relacionados co benestar animal, e a planificación dos programas de mellora xenética; ou as actuacións necesarias para garantir a seguridade alimentaria das producións primarias gandeiras, o control da alimentación animal e os subprodutos animais non destinados ao consumo humano (SANDACH) e o control oficial dos medicamentos veterinarios, materias todas elas relacionadas coa profesión veterinaria.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos colaborar na formación das futuras persoas veterinarias nas materias da súa competencia, fomentando a súa capacitación tanto cara á súa posible incorporación como persoal da administración, como en relación coa súa posible actividade privada, na que resulta fundamental coñecer as esixencias da normativa correspondente.

Neste contexto, algúns estudantes de veterinaria galegos que cursan estudos na Facultade de Veterinaria e Ciencias Experimentais da Universidade Católica de Valencia San Vicente Mártir (UCV) solicitaron a realización de prácticas académicas externas en dependencias da Consellería do Medio Rural.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa devandita facultade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de firma do convenio, e durante un período de catro anos.





O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a UCV e a Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento de prácticas académicas externas de estudantes desta Universidade en Oficinas Agrarias Comarcais da consellería, para complementar a súa formación académica e permitir que adquiran a competencia axeitada para o exercicio da súa actividade profesional.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizadas polos estudantes universitarios e supervisadas polas universidades cuxo obxectivo é permitir a aqueles aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

A UCV e a Consellería do Medio Rural consideran que teñen uns obxectivos en parte coincidentes e complementarios, e que poden mellorar o desenvolvemento dos seus respectivos cometidos mediante a colaboración e a axuda mutua no marco da lexislación vixente, como un dos fundamentos básicos que permiten a formación integral do estudante universitario e a súa axeitada inserción no mercado laboral.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Gandararía, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Silvestre José Balseiros Guinarte
Asinado dixitalmente

